

Procedemento: Convocatoria 2025 de axudas para ampliar e diversificar a oferta cultural en áreas non urbanas Territorio Cultura (CT404F)

Asunto: Resolución de nomeamento da comisión de valoración

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. Con data 11 de agosto de 2025, o Diario Oficial de Galicia, nº 152, publicou a Resolución do 24 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrència competitiva, para a concesión de subvencións para ampliar e diversificar a oferta cultural en áreas non urbanas, Territorio Cultura e se convocan para o ano 2025 (Código de procedemento CT404F).

2. O artigo 15 desta convocatoria recolle que para a avaliación das solicitudes presentadas constituirase unha Comisión de Valoración, nomeada pola dirección da Agadic, que será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios fixados nas presentes bases.

Para a composición da Comisión de Valoración terase en conta o establecido no artigo 152 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

A condición de vogal da comisión ten carácter persoal e non pode actuar por delegación nin ser substituído en ningún caso. Os membros da comisión declararán por escrito non ter relación coas persoas solicitantes ou, se é o caso, cos partícipes das persoas xurídicas solicitantes. Así mesmo, absteranse se concorren algunha das circunstancias descritas do artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo o artigo 2 do Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, correspóndelle á dirección, como órgano executivo da axencia, a súa dirección e xestión ordinaria.

2. No artigo 21 dos devanditos Estatutos, establécese que a Dirección ten entre as súas atribucións "instruír os procedementos sancionadores e os procedementos de concesión de axudas e subvencións".



En base ao exposto

RESOLVO:

Nomear a comisión de valoración deste procedemento de subvencións, que segundo o artigo 15 terá a seguinte composición:

- Dous profesionais pertencentes ao persoal da Agadic para a valoración dos criterios automáticos:

- Pilar Portela Vázquez, en calidade de Presidenta
- Belén Vázquez Merelles, en calidade de Vogal

- Dous profesionais de recoñecido prestixio nos ámbitos musical e/o cultural en xeral para a valoración dos criterios técnicos:

- Miguel Valverde Juncal
- Nieves Lema Vilariño

- En calidade de persoa do cadro de persoal da Agadic, sen dereito a voto, que fará as funcións de secretaria da comisión:

- Pilar Peña de Castro

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Director da Agadic

Jacobo Sutil Nesta

